



16-17-18.06 / 2022
MONTE DO GOZO
SANTIAGO DE COMPOSTELA



NORMATIVA INTERNA ZONA DE DESCANSO

Para a zona de descanso de O Son Do Camiño, poñemos á vosa disposición unha serie de normas co fin de garantir a convivencia, o bo uso dos servizos e en definitiva, o benestar de todos. Rogamos a todos/as os asistentes a colaboración e o cumprimento das normas así como a información ao persoal da zona de descanso de calquera incidencia que poida xurdir na zona de descanso.

- 1. Está prohibido instalar máis de unha tenda de campaña por persoa. Non está permitido o uso de tendas de campaña de maior capacidade que o número de ocupantes da mesma.** Non se poderá instalar, por exemplo, unha tenda de 8 persoas para 2 ou 4 persoas. Como referencia, as parcelas ocuparán ao redor de 6m² cada dúas persoas.
Rógase **comprobar as medidas da tenda de campaña con antelación** para evitar posibles incidentes de última hora.
2. Os asistentes deberán ocupar as **zonas asignadas polo persoal** da zona de descanso de O Son Do Camiño.
3. **Queda prohibido o acceso de vehículos** á zona de descanso.
4. **Está prohibido o uso dos corredores e saídas de evacuación** como zona de descanso. Á súa vez, estará permitido o uso de cenadores, lonas, carpas ou outros elementos a condición de que non superen os límites da parcela asignada.
5. **Rógase o uso de papeleiras e contedores** para o bo mantemento da zona de descanso.
6. Queda terminantemente **prohibida a tenencia de armas** ou calquera material que poida causar graves prexuízos sobre os demais.
7. **Non está permitido facer lume** así como o uso de cámping gas ou similar a fin de garantir a seguridade de todos os asistentes.
8. **Non se permite a entrada de animais** na zona de descanso, excepto cans guía.
9. Os asistentes a zona de descanso de O Son Do Camiño están obrigados a **respectar as normas e a convivencia e a non perturbar o descanso dos demais**. A organización resérvase o dereito para expulsar a quen realice actividades molestas, insalubres, nocivas, perigosas ou ilícitas.
10. **Está permitida a entrada de comida e bebidas alcohólicas** na zona de descanso a condición de que os seus envases non sexan considerados como perigosos por parte da organización.
11. **A organización comprométese a garantir as condicións que permitan o benestar** dos ocupantes da zona de descanso de O Son Do Camiño tendo persoal á disposición de todos os asistentes para axudar en todo o que sexa conveniente.
12. **A organización non se fai responsable das perdas ou roubos** que poidan suceder dentro da zona de descanso así como no recinto do festival.

13. Unha vez feita a reserva, **non se realizarán devolucións**.
14. Para poder trocar a entrada, **deberase presentar en despacho de billetes o "Print At Home"**, que che chegará ao correo no momento de facer o pago da reserva. Unha vez feito isto, o persoal encargado da zona de descanso de O Son Do Camiño colocará unha pulseira que che identifique como asistente. Esta pulseira deberá ensinarse cada vez que se acceda á zona de descanso.
15. **A zona de descanso ocupárase por orde de chegada** e de maneira organizada. A Organización indicará a medida que os asistentes vaian chegando, o lugar onde deben situar as tendas de campaña. Cada tenda só pode ocupar o espazo marcado polo persoal de Organización e non outro, quedando expresamente prohibido instalarse nos corredores. **Non estará permitida a reserva de espazo "para posibles amigos que cheguen noutro momento"**. No caso de que un grupo de amigos queira estar en parcelas contiguas, han de chegar á mesma vez.
16. **O incumprimento das normas poderá supoñer a expulsión** da zona de descanso de O Son Do Camiño, e en ningún caso reembolsarase o importe da entrada.
17. **A organización de O Son Do Camiño seguirá as indicacións das autoridades competentes** en materia de sanidade así como posibles restricións que estean en vigor nas datas de desenvolvemento do evento.